



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA
CELEBRADA O DÍA 1 DE ABRIL DE 2022**

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 1 de abril de 2022, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

**1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2022 E Á SESIÓN
EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 11 DE FEBREIRO DE 2022.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.



Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. DAR CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2021.

O Sr. Alcalde da conta do decreto indicado no epígrafe, do que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), vistos os artigos 191 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 89 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a lei de facendas locais en materia de presupostos.

Correspondendo ao presidente da Corporación a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vistos os informes de Intervención incorporados ao expediente, tanto da liquidación, como da estabilidade orzamentaria, na que se reflicte un déficit en términos de contabilidade nacional de -683.623,47 euros, e tendo en conta que están suspendidas as regras fiscais para 2021 por Acordo do Congreso dos Diputados de 20 de outubro de 2020 e continúan suspendidas para 2022 por Acordo do Congreso dos Diputados de 13 de novembro de 2021.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do Orzamento do 2021, na que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:

<i>Dereitos recoñecidos netos</i>	<i>2.445.608,46€</i>
<i>Obrigas recoñecidas netas</i>	<i>3.180.553,78€</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio</i>	<i>-734.945,32€</i>
<i>Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos xerais</i>	<i>439.677,44€</i>
<i>Desviacións de financiación negativas do exercicio</i>	<i>739.760,64€</i>
<i>Desviacións de financiación positivas do exercicio</i>	<i>320.857,45€</i>
RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO	123.635,31€

<i>Fondos líquidos</i>	<i>717.281,73€</i>
<i>Dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro</i>	<i>6.961,00€</i>
- <i>Do orzamento corrente</i>	-
- <i>De orzamentos pechados</i>	-
- <i>De operacións non orzamentarias</i>	<i>6.961,00€</i>



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000003

Obrigas pendentes de pago a 31 de decembro	52.287,81€
- Do orzamento corrente	20.327,26€
- De orzamentos pechados	-
- De operacións non orzamentarias	31.960,55€
Partidas pendentes de aplicación	-
- Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	-
- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	42,00€-
Remanente de tesourería total	671.996,92€
Saldos de dudoso cobro	-
EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA	105.027,00€
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	566.969,92€

SEGUNDO: Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre, de conformidade co artigo 193.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO: Remitir a liquidación do Presuposto á Comunidade Autónoma e á Administración Xeral do Estado, de conformidade co artigo 193.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En Mesía, na data da sinatura electrónica. O ALCALDE Asdo.- Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que cabe resaltar, ademáis de que están suspendidas as regras fiscais, o resultado presupuestario axustado positivo, os fondos líquidos existentes e o remanente de tesourería para gastos xerais, que pode ser incorporado.

Non habendo máis intervencións, os Sres. concelleiros quedan enterados.

3. MOCIÓN DO BNG DE APOIO AO POBO SAHARAUI.

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

“Moción de apoio ao Pobo Saharuí

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Mesía presenta para o seu debate en



pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Diante da decisión do goberno español de asumir a postura de Marrocos de non respectar o dereito de autodeterminación do pobo saharauí, o BNG mostra o total rexeitamento á mesma. Esta supón a asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, aceptando o seu plan de autonomía, e que na práctica significa a anexión por Marrocos do territorio saharauí.

Consideramos a postura do goberno español como unha traizón ao pobo saharauí, xa que prérgase aos intereses de Marrocos e vai en contra de todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, que unanimemente se teñen pronunciado a favor do dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación, por medio dun referendo entre a súa poboación.

A postura do goberno español supón lexitimar a ocupación por parte de Marrocos, a represión, a violación dos dereitos humanos e o roubo das riquezas existentes en territorio saharauí. Ademais demostra que a política exterior do goberno español se alínea claramente cos posicionamentos dos EUA e Israel, dous estados coñecidos pola súa política imperialista de agresión a outros pobos, e apoio a réximes antidemocráticos, como é o caso da monarquía marroquí.

Esta decisión aumenta a situación de tensión nunha rexión na que a provocación de Marrocos en novembro de 2020, levou ao reinicio do enfrontamento bélico entre os exércitos saharauí e marroquí.

Supón a asunción de parte , e por tanto impide que o estado español poida xogar o papel que lle corresponde no proceso de descolonización como potencia administradora, en base á Carta das Nacións Unidas e aos acordos sobre descolonización da última colonia existente no continente africano.

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

1.- Mostrar o seu firme apoio ao pobo saharauí, e ao seu único e lexítimo representante o Frente Polisario, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio pleno do dereito de autodeterminación e a independencia.

2.- Esixir do Goberno español:

a) A rectificación da decisión de asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidenta, e polo tanto defender o dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación por medio dun referendo, tal como recoñecen todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, a empezar pola ONU, que unanimemente se teñen pronunciado neste sentido.



b) Que esixa a Marrocos que cese de inmediato a sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sahara Occidental.

Mesía, 27 de marzo de 2022

Beatriz Louro López, portavoz do Grupo Municipal do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA"

O Sr. Alcalde manifesta que o grupo de goberno está de acordo e considera xusto o apoio ao pobo saharui no seu exercicio do dereito de autodeterminación.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓN DO BNG RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS.

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

“Moción relativa ás actuacións que deben impulsar os gobernos galego e centra para mitigar o impacto do medre disparado da inflación na sociedade e economía galegas.

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Mesía presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos afrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e,



outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para



controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.

2. Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.

3. Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.

4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.

5. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agrogandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.

6. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.

7. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

8. Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9. Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilaciónvo Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.



Mesía, 27 de Marzo de 2022

Beatriz Louro López,
portavoz do Grupo Municipal do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA"

O Sr. Alcalde manifesta que o grupo de goberno está de acordo coa moción porque é un asunto que nos afecta a todos.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (DO 17 AO 88 DO ANO 2022).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACION DECRETOS DO 17 AO 88 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
17	Organización e funcionamento	Convocatoria Sesión Pleno Ordinario 1/2022	01/01/2022
18	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	01/02/2022
19	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL núm. 3/2022 do 04/02/2022	02/02/2022
20	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	02/02/2022
21	Urbanismo	Aprobación padrón taxa polo abastecemento auga municipal 4º ttre. 2021	02/02/2021
22	Organización e funcionamento	Convocatoria Sesión Ordinaria Comisión Informativa Permanente de Seguimento do PXOM 1/2022 DO 08/02/2022	02/02/2022



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000003

RELACION DECRETOS DO 17 AO 88 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
23	Persoal	Aprobación lista provisional admitidos-excluidos proceso selectivo traballador/a social	04/02/2022
24	Servizos sociais	Liquidación SAF mes novembro 2022	07/02/2022
25	Economía e facenda	Execución do gasto 07/02/2022	07/02/2022
26	Organización e funcionamnto	Convocatoria Sesión Extraordinaria Pleno 02/2022 do 11/02/2022	08/02/2022
27	Servizos sociais	Aprobación liquidación prestación servizos PAI xaneiro 2022	08/02/2022
28	Subvencións	Acordo solicitude subvención mellora infraestruturas rurais 2022	09/02/2022
29	Subvencións	Acordo solicitude subvención actuacións en materia de biorresiduos	10/02/2022
30	Persoal	Aprobación lista definitiva admitidos excluidos, nomeamento tribunal e convocatoria avaliación e proba proceso selectvivo traballadora social	10/02/2022
31	Subvencións	Acordo solicitude subvención Rede Natura 2000	14/02/2022
32	Servizos sociais	Liquidación SAF mes decembro 2022	15/02/2022
33	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL núm. 4 do 17/02/2022	15/02/2022
34	Economía e facenda	Plan orzamentario 2023-2025	16/02/2022
35	Persoal	Recoñecemento 14 trienio a Jaime Mata Sesmonde	16/02/2022
36	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	16/02/2022
37	Economía e facenda	Corrección erro Decreto 302/2020	16/02/2022
38	Subvencións	Acordo solicitude subvención actuacións en infraestruturas turísticas 2022	17/02/2022
39	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	17/02/2022
40	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	18/02/2022
41	Subvencións	Acordo solicitude subvención técnico deportivo 2022	21/02/2022
42	Subvencións	Acordo solicitude subvención Aprot Rural 2022	21/02/2022
43	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	21/02/2022
44	Economía e facenda	Pago a xustificar 002/2022	21/02/2022
45	Economía e facenda	Execución do gasto 22/02/2022	22/02/2022
46	Persoal	Nomeamento traballadora social e creación bolsa de emprego	22/02/2022
47	Economía e facenda	Execución do gasto. Diferenzas nómina mes xaneiro 2022 Elena Roca Moro.	22/02/2022
48	Subvencións	Adhesión Programa Pel Concellos 2022	22/02/2022



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000003

RELACION DECRETOS DO 17 AO 88 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
49	Subvencións	Acordo participación Plan de mellora de camiños municipais 2022-2023	23/02/2022
50	Persoal	Contratación traballadora social	23/02/2022
51	Subvencións	Solicitude subvención fondo de compensación ambiental Vilasantar-Mesía	24/02/2022
52	Urbanismo	Acordo adhesión convenio relativo ao programa galego de vixilancia e control vespa velutina	25/02/2022
53	Persoal	Aprobación convocatoria e bases proceso selectivo contratación laboral temporal técnico deportivo	25/02/2022
54	Economía e Facenda	Aprobación liquidación orzamento 2021	28/02/2022
55	Economía e facenda	Incorporación de remanentes 01/2022	28/02/2022
56	Urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga potable municipal	28/02/2022
57	Urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga potable municipal	28/02/2022
58	Urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga potable municipal	28/02/2022
59	Economía e facenda	Execución do gasto. Nóminas mes febreiro 2022	28/02/2022
60	Urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga potable municipal	28/02/2022
61	Padrón Municipal de Habitantes	Cambio de empadramento dentro do municipio	02/03/2022
62	Organización e funcionamento	Convocatoria Sesión Ordinaria XGL núm. 5 do 04/03/2022	02/03/2022
63	Economía e facenda	Execución do gasto 04/03/2022	04/03/2022
64	Subvencións	Acordo solicitude subvención socorrismo 2022	04/03/2022
65	Economía e facenda	Execución do gasto 04/03/2022	04/03/2022
66	Obras e urbanismo	Aprobación certificación final, factura e ordenación pago obra CM 29/2021	07/03/2022
67	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	08/03/2022
68	Subvencións	Acordo solicitude subvención Acondicionamento acústico pavillón multiusos CPI Xanceda	09/03/2022
69	Persoal	Contratación traballadora social	10/03/2022
70	Padrón Municipal de Habitantes	Cambio de empadramento dentro do municipio	10/03/2022
71	Persoal	Aprobación lista provisional admitidos excluídos proceso selectivo técnico deportivo	16/03/2022
72	Urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga potable municipal	16/03/2022
73	Servizos sociais	Aprobación liquidación servizos prestados PAI febreiro 2022	16/03/2022
74	Economía e facenda	Execución do gasto 21/03/2022	21/03/2022



RELACION DECRETOS DO 17 AO 88 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
75	Economía e facenda	Xeración de crédito 01/2022. Subvención Deputación PEL CONCELLOS 2022. PLAN DE INTEGRACION LABORAL.	21/03/2022
76	Persoal	Aprobación convocatoria e bases proceso selectivo para a contratación laboral temporal 3 peons_PEL CONCELLOS 2022	21/03/2022
77	Persoal	Aprobación lista definitiva admitidos excluidos, nomeamento tribunal e convocatoria proba proceso selectivo tecnico deportivo	21/03/2022
78	Organización e funcionamento	Convocatoria Sesión ordinaria XGL núm. 6 do 24/03	22/03/2022
79	Economía e facenda	Execución do gasto 22/03/2022.	22/03/2022
80	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	23/03/2022
81	Persoal	Nomeamento técnico deportivo e lista de espera	23/03/2022
82	Servizos sociais	Acordo admisión usuaria PAI curso 2021/2022	24/02/2022
83	Economía e facenda	Execución do gasto 25/03/2022	25/03/2022
84	Obras e urbanismo	Aprobación certificación final factura e ordenación pago obra Camiño Soutelo a límite Villamaior (Ordes)	25/02/2022
85	Obras e urbanismo	Aprobación certificación 1ª e 2ª facturas e ordenación pago obra Reparación polideportivo Olas	25/02/2022
86	Obras e urbanismo	Aprobación certificación final factura e ordenación pago obra Camiño Cruce de Vilar a Coba de Vales (Cabruí)	25/02/2022
87	Persoal	Aprobación lista admitidos excluidos, nomeamento tribunal e convocatoria proba proceso selectivo 3 peons_PEL CONCELLOS 2022	26/02/2022
88	Economía e facenda	Execución do gasto 28/03/2022. Asistencias Plenos, XGL e Comisiones Informativas 1T 2022	28/03/2022

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 27 DE XANEIRO, 4 E 17 DE FEBREIRO E 4 DE MARZO DE 2022.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta o Sr. Alcalde que vai contestar unhas cuestións que plantexou a



pasada sesión o Sr. López por escrito e que se rexistraron despois da celebración do pleno, aínda que algunhas preguntas xa foron respostadas entón.

“AO GOBERNO MUNICIPAL

En primeiro lugar temos que recoñecer a valía empresarial que o recentemente finado D. Ramón García así como os seus sucesores aportaron e seguen aportando a este Concello.

Resulta evidente que este problema de calificación da zona onde se localiza unha empresa que o albor destes últimos anos e un pilar fundamental do desenvolvemento económico para este concello ten que acadar o resultado máis certo posible pero,

ao goberno local:

Sábese cal foi a orixe do conflito?

Intentaron poñerse en contacto coa persoa denunciante?

Sabería dicirme aproximadamente a canto se eleva o gasto en proxectos e demais xestións relacionado con dita denuncia?

En que situación se encontra o solo industrial de Lanzá?

Igual lle parecen preguntas que non veñen o tema pero, dende a corporación que represento son preguntas que teñen moita relevancia. Ó igual que ten relevancia que fagamos unha análise como a que vostede nos trae hoxe para que aprobemos en pleno.

Comentou en varias ocasións en pleno que este era un tema herdado. Dito isto e a nivel aclaratorio, Sr, Iglesias vende e despacha vostede os asuntos como mellor lle vai e non é así.

*Recapitulemos, en 2003 vostede entra no goberno de Mesía baixo o mandato de D. Xoxé Xaquín López Ares da corporación **Mesía Nova** como concelleiro de obras gracias ós votos do PSOE daquela. Vostede aí algo sabería da situación de Mesía por aquel tempo, concelleiro de obras. Todos os que conformaban o goberno sabían a situación de Mesía por aquel entón.*

No 2007 vostede é elixido Alcalde do Concello de Mesía, esta vez sen “padriños” e sen “axuda”, saca a súa primeira maioría.

*O desenlace: vostede o 16/2/2011 recibe por rexistro unha alegación nº487 que fala do caso que nos compete hoxe. Unha alegación que foi resposta como desfavorable, sen máis. E este, é o **inicio do problema.***

*Vostede estaba ó fronte cando se inicia todo, e leva **once anos** á espera da fortuna por algo que se puido arranxar no momento.*

Non contemplou adecuar solo industrial? Non pensa no futuro das empresas? Só se orienta de 4 anos en 4 anos facendo “o que pode”?

A consecuencia sabémola todos, sen provisionar nin un so metro de solo industrial, a empresa deslocaliza parte da súa ampliación a un Concello veciño a so 14km. Onde baixo o mandato dun rexedor Popular existe unha seguridade xurídica (teñen un polígono industrial) en solo industrial.... , se existira aquí ese solo industrial



ninguén poderá crer que dita empresa fose ó concello veciño.

Sr. Iglesias demasida exclusividade e pouca dedicación proclama este equipo de goberno nun período tan dilatado no tempo, que podendo estar hoxe aquí avanzando con retos tan necesarios que temos unha vez mais intentemos legalizar e dar seguridade xurídica a unha empresa que non se puído baixo o noso criterio expandir dentro deste Concello por non existir solo industrial, o que podería traer mais emprego e mais empresas a este Municipio, por contra obras e obras para intentar consolidar este parte de térreo en solo industrial.

Cree vostede, señor Iglesias que si existirá planificación no pxom inicial do ano 2012, se iniciarán os trámites administrativos oportunos para a disposición de solo industrial en polígono esta empresa **faría unha deslocalización da súa ampliación a un concello veciño? Chegou a plantealo?**

De cantos postos estaríamos falando que habería na actualidade neste concello???

*O noso voto sen dúbida ten que ser un **SÍ** a aprobación provisional, pero un **NON** ao resultado da súa **maneira** de **xestionar** administrativamente este Concello que canto máis sabemos **máis** puntos de **mellora** ten.*

Mesía, 11 de febreiro de 2022

Javier López Vázquez, Voceiro do Grupo Municipal Popular de Mesía.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA"

Sinala o Sr. Alcalde que aparte das apreciacións do Sr. López referidas a acción do equipo de goberno e outros asuntos non relacionados co tema que se estaba a tratar, quere deixar claro que o inicio de problema non se produce, como dí o escrito do Sr. López, coa resposta desfavorable á alegación de data 16/2/2011 ao PXOM, xa que o inicio do problema prodúcese coa construción irregular desas edificacións en solo rústico, todas feitas antes de 2007, que é cando entra na alcaldía, e moitas antes do 2003, cando entra en política. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que a alegación pretendía excluír ás edificacións do destino industrial, pero o concello, co equipo redactor, a rexeita por razóns xustificadas de interese público, intentando dar cobertura legal e regularizar unha situación xa xudicializada seis anos antes e que só un cambio de clasificación de solo con ocasión da aprobación do PXOM podía salvar. Se non rexeitásemos a alegación, iso que vostede nos critica, implicaría o inmediato cese da actividade e demolición das naves. En todo caso, o concello propón esa modificación pero é a Xunta que ten que aprobala, e así o fai, polo tanto debía ir ben fundamentada, como é o caso da modificación puntual que acabamos de aprobar nun pleno recentemente, e que xa foi tamén aprobada pola Xunta. O único que fixo este equipo de goberno foi tratar de dar solución ao problema, e continuará a facelo se sigo presidindo a corporación e hai forma xurídica de defendelo. En catro lexislaturas con distintos grupos políticos o único que cuestionou este tema foi o Sr. López. Incluso con ocasión da aprobación do PXOM a propia Directora Xeral alabounos por ter adoptado os acordos por



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000003

unanimidade de todos os grupos.

Pregunta o Sr. Alcalde a qué obras e consolidación do solo industrial se refire o escrito, e continúa apelando á colaboración en temas importantes e que a oposición sexa constructiva.

Manifesta o Sr. López que non poñe en duda os esforzos feitos, pero se pregunta se non habería outra forma de actuar e atallar o conflito, sinalando o Sr. Alcalde que a empresa sería a primeira interesada, pero o asunto xa estaba xudicializado e a única opción era modificar a clasificación do solo.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.